

Teño tres estriguiñas,  
teño que arrestrelar, Mira Pepa  
teño que arrestrelar...

- Pero, no. Esa agora non.

Xaquín quere casar,  
non ten a muller buscada...

- Non podo cantar. Teño un catarrísimo encima.  
Hai outra, “Escoita mozo lavado”, non sei se tamén quedou aí.
- A ver, creo que no.
- Creo que no.
- ... cara de poucos amigos, que anque non te podo ver, teño que falar contigo...
- Creo que no.
- A ver como esta é.

V 74a

Ela:

“Escuita mozo lavado,  
cara de poucos amigos,  
unque non te podo ver  
teño que falar contigo.”

El:

“Me dirás que cousas son  
as que me queres falar  
mira mui ben o que dices,  
non me veñas insultar.”

Ela:

“Ocupáchede de min  
ó purtileiro do prado  
que lle dicheche a Farruca  
que eu estaba en estado.”

El:

“Anda nena xorobada  
desdentada burra vella  
cuando me ocupei de ti  
pra falar desa maneira.”

Ela:

“O que che digo é mui certo,  
que teñas muito cuidado,  
que se te ocupas de min  
heiche rompelo espiñazo.”

El:

“Ai, que moza tan valiente  
como me quere pegar



Ela:

e cuatro xuntas con ela  
fanme falta pra almorzar.”

“Anque che son pequeniña  
aínda non che teño medo  
que se te collo entre as faldas  
envólvote como un neno.”